

## Acta da Comisión Permanente do día 21 de abril de 2021

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 21/04/2021.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 21/04/2021.
- III. Solicitude de axuda para a organización de olimpíadas do saber na Universidade de Vigo no ano 2021.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 11:30 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 17 de febreiro de 2021 e extraordinaria celebrada o 17 de marzo de 2021.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das dúas sesións anteriores.

2. **Aprobación, se procede, de recoñecementos/validación/adaptación de materias/créditos.**

Non hai ningunha solicitude.

3. **Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai ningunha solicitude.

4. **Aprobación, se procede, da inclusión no calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2020/2021 dunha visita á Mina de Varilongo (Santa Comba).**

Propónse incluír a visita:

- Materia: Xeofísica, xeoquímica e xeotermia (4º do GERME)
- Profesora responsable: Luisa Álvarez Zaragoza
- Destino: Mina de Varilongo (Santa Comba) – empresa Galicia Tin & Tungsten, SL.
- Data: 8 de abril de 2021

como a número 6 no calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o segundo cuadrimestre do curso académico 2020/2021, xa que xurdiu despois da anterior comisión e levouse a cabo co visto bo da Directora.

Para un mellor aproveitamento da visita, ofertouse tamén ao alumnado de “Sondaxes, petróleo e gas” (3º) e “Rochas industriais e ornamentais” (4º).

Apróbase por asentimento a inclusión da visita no calendario.

**5. Aprobación, se procede, da presentación da solicitude por parte da EEME en relación á “Convocatoria de axudas para a organización de *Olimpiadas do saber* na Universidade de Vigo no ano 2021”.**

A Presidenta comenta que en febreiro o centro colaborou coa *Sociedad Geológica Española* y la AEPECT (*Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*) na organización da Olimpíada de Xeoloxía. O custo foi inferior ao do curso anterior debido a que se tivo que celebrar en modalidade non presencial.

Comenta brevemente o impreso de solicitude (ANEXO III) no que se recolle a memoria xustificativa da actividade desenvolvida e aclara que para solicitar esta a axuda de financiamento é preciso o visto bo dun órgano colexiado do centro.

A Comisión aproba por asentimento a solicitude da axuda.

**6. Rogos e preguntas.**

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e un de abril de dous mil vinte e un.

Vº e Prace  
A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## ANEXO I

**Convocatoria da Comisión Permanente do 21/04/2021**



## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 21/04/2021**

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 21 de abril de 2021</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
Santiago Pozo Antonio
<b>Profesorado</b>
M <sup>a</sup> del Carmen Pérez Pérez
<b>Estudantes</b>
Marta María Caride Pérez
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

Escusan a súa ausencia Belén Parente Artime e Alfonso Mandado Vázquez.



### ANEXO III

## **Solicitud de axuda para a organización de olimpíadas do saber na Universidade de Vigo no ano 2021**